



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE 6 OPERARIOS DE SERVICIOS MÚLTIPLES DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DO PES 2020-2021, PRORROGADA POLA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 903/2022 DE DATA 12-11-2022. EXP. 2022/E002/000003

EXPEDIENTE: 2022/G003/001110

ANTECEDENTES:

Mediante a providencia de Alcaldía de data 15-12-2022 xustificouse a necesidade da contratación de 6 operarios de Servizos Múltiples durante 90 días, fundamentada no seguinte:

Pola resolución de Alcaldía núm. 711/2020 do 16-10-2020 aprobouse a convocatoria e as bases que rexeron a selección de 10 operarios de servizos múltiples, persoal laboral con carácter temporal, entre persoas desempregadas menores de 30 anos, maiores de 50 anos, mulleres ou en situación ou en risco de exclusión social, para a formación do Plan de Emprego Social 2020-2021 do Concello de Ponteceso, co obxecto de executar tarefas de limpeza, e pequenos traballos de mantemento de vías públicas municipais e camiños de acceso aos núcleos de poboación, traballos de roza e mantemento de instalacións municipais, traballos definidos como servizos mínimos obrigatorios polo artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LRBRL). Nas ditas bases contéplase a creación dunha lista de agarda, coa que se constituirá unha bolsa de traballo formada polos candidatos non contratados que cumpran todos os requisitos e non sexan propostos para os postos que se convocan, pola orde decrecente de puntuación obtida, para cubrir futuras substitucións de baixas por enfermidade, accidentes, maternidades, paternidades ou baixas definitivas por renuncia ou despedimento, así como necesidades excepcionais que poidan xurdir durante a súa vixencia.

Mediante a resolución de Alcaldía núm. 878/2020 do 27-11-2020 aprobouse unha bolsa de emprego do Plan de Emprego Social 2020-2021, de conformidade co establecido nas bases do procedemento selectivo, sendo o seu funcionamento o regulado na cláusula novena, e prorrogándose por un ano pola resolución de Alcaldía núm. 692/2021 do 29-10-2021. Na data de 12-11-2022 ditouse a resolución núm. 903/2022 pola que se acordou prorrogar o Plan de Emprego Social 2020-2021 ata a aprobación do novo Plan de Emprego Social 2023-2024.

Tendo en conta a situación socio-laboral actual da poboación de Ponteceso, cun alto índice de desemprego, especialmente no colectivo das mulleres e mozas menores de 30 anos, das maiores de cincuenta anos así como doutras persoas en risco de exclusión social ou noutras situacións que impiden ou menoscaban o acceso ao emprego, a Administración Local como a máis próxima á realidade social da veciñanza debe xogar un importante papel na inserción socio-laboral destes colectivos para tratar de incorporalos ao mercado de traballo e facilitarles novas oportunidades. A situación socio-económica actual e a incidencia das vindeiras data do Nadal acrecenta a necesidade de darlle oportunidades a este colectivo, e logo de ver que este concello non conta con suficiente persoal no cadro de persoal municipal de obras e servizos para acometer con carácter urxente distintos traballos de competencia municipal, como a limpeza de camiños de acceso aos núcleos de poboación e vías públicas municipais, traballos de roza e mantemento e



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

acondicionamento de instalacións municipais, competencias propias dos municipios consonte ao establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía considera necesario proceder a unha nova contratación por medio da bolsa de emprego vixente, como unha medida que axude a fomentar o acceso ao emprego dos colectivos máis desfavorecidos e vulnerables da poboación ou en risco de exclusión, xerándolles oportunidades de emprego que lles faciliten a súa inserción laboral, sendo esta unha ferramenta eficaz na loita contra a exclusión social destas persoas e contribuíndo así a mellorar a situación socioeconómica das familias e ao mesmo tempo cumprir coas competencias municipais reguladas nos artigos 25.2 e 26.1 da LRBRL.

O cometido dos traballadores será a limpeza, e pequenos traballos de mantemento e limpeza de vías públicas municipais e camiños de acceso aos núcleos de poboación, traballos de roza e mantemento de instalacións municipais no Concello de Ponteceso, competencia propia segundo o establecido no artigo 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

As prazas e número de postos de traballo ofertados inicialmente, serán os que se especifican a continuación:

- 6 Operarios de Servizos Múltiples: 90 días, a xornada completa.

Na mesma providencia dispúxose que pola Técnica Local de Emprego se proceda ao chamamento dos candidatos que figuran na bolsa de emprego vixente do PES 2020-2021, respectando á orde de prelación e se deixe constancia documental no seu expediente, elevando a proposta a esta alcaldía para a contratación dos citados traballadores, empregando para a realización dos chamamentos a resolución de Alcaldía núm. 475/2022 de 30-06-2022, que aproba a última actualización da bolsa, emitindo informe con data do 20-12-2022, o cal é do seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE: 2022/E002/000003

COBERTURA DE 6 PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES INTEGRANTES DA BOLSA DE EMPREGO “PLAN DE EMPREGO SOCIAL 2020-2021 DO CONCELLO DE PONTECESO”

Fátima María Gómez Casal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ponteceso, en cumprimento do ordenado na providencia de Alcaldía de data 15/12/2022 na que se dispón que pola AEDL se inicien os trámites oportunos para proceder a contratación de 6 Operarios de Servizos Múltiples, de entre os candidatos que figuran na bolsa de emprego vixente do PES 2020-2021, aprobada mediante resolución de Alcaldía núm. 878/2020 do 27-11-2020, e prorrogada por un ano pola resolución de Alcaldía núm. 692/2021 do 29-10-2021. Na data de 12-11-2022 ditouse a resolución núm. 903/2022 pola que se acordou prorrogar o Plan de Emprego Social 2020-2021 ata a aprobación do novo Plan de Emprego Social 2023-2024, emite o seguinte

INFORME

1.- *Providencia de alcaldía de data 15 de decembro de 2022 na que dispón que pola Técnica Local de Emprego se emita informe, unha vez efectuados os correspondentes chamamentos aos candidatos que figuren na vixente bolsa de emprego do “Plan de emprego social 2020-2021” e se*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

eleve a proposta de actualización e a contratación de seis traballadores, operarios de servizos múltiples.

2.- Bases reguladoras para a selección e contratación de persoal laboral, plan de emprego social 2020-2021, con carácter temporal, de persoas desempregadas menores de 30 anos ou maiores de 50 anos, así como outras en situacións de desemprego ou en risco de exclusión social, aprobadas pola resolución de alcaldía nº 711/2020 do 16/10/2022.

3.- Resolución de alcaldía número 475/2022 de data 30 de xuño de 2022 onde se aproba a última actualización da bolsa de emprego de candidatos integrantes do Plan de Emprego Social 2020-2021, aprobada inicialmente por resolución número 878 de data 27 de novembro de 2020, na que figuran os candidatos actualizados por orde de puntuación:

Posto	DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
1	***3609**	URES VILA MARÍA LUISA	46,20
2	***6146**	AMADO MATO MARÍA ROCÍO	43,20
3	***2633**	VICENTE FERREIRO MIGUEL MANUEL	38,20
4	***1692**	VIDAL RODRÍGUEZ M ^a YOLANDA	34,20
5	***3938**	BLANCO MUÑOZ ABEL JESÚS	30,70
6	***5688**	VARELA LEMA JUAN JOSÉ	29,00
7	***1234**	PÉREZ BLANCO SANDRA	27,00
8	***6494**	FACAL FACAL M ^a CARMEN	25,00
9	***4488**	PEÑA GARCÍA LUIS	23,40
10	***5365**	RODRÍGUEZ VARELA MARTÍN	20,00
11	***2645**	CARABEL VARELA ROBERTO	15,30
12	***1724**	ÁLVAREZ COLLAZO JOSÉ DANIEL	14,10
13	***0055**	LEMA LEMA MARÍA CONSUELO	12,20
14	***0570**	MÁRQUEZ VARELA MIGUEL PABLO	12,00
15	***4126**	GERPE SUÁREZ JOSÉ ANTONIO	32,00

A vista dos antecedentes anteriormente reflectidos, procédese ao chamamento dos integrantes que conforman a bolsa de emprego do “Plan de emprego social 2020-2021”, do que se deixa constancia documental no expediente, producindo o seguinte resultado:

- **D^a M^a Luisa Ures Vila**, con DNI núm. ***3609**, candidata núm. 1 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D^a M^a Luisa Ures Vila o día 15/12/2022, respondendo que acepta o posto, e presentando a documentación requirida o día 20/12/2022 (R.E. nº 202200000001976)
- **D^a M^a Rocío Amado Mato**, con DNI núm. ***6146****, candidata núm.2 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D^a M^a Rocío Amado Mato o día 15/12/2022, respondendo que acepta o posto, e presentando a documentación requirida o día 16/12/2022 (R.E. nº 202200000001959)
- **D. Miguel Manuel Vicente Ferreiro**, con DNI núm. ***2633**, candidato núm.3 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D. Miguel Manuel Vicente Ferreiro o día 15/12/2022, respondendo que acepta o posto, e presentando a documentación requirida o día 16/12/2022 (R.E. nº 202200000001961)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- **D^a M^a Yolanda Vidal Rodríguez**, con DNI núm. ***1692**, candidata núm.4 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D^a M^a Yolanda Vidal Rodríguez o día 15/12/2022, respondendo que rexeita o posto por atoparse de baixa médica, o que acredita presentando parte médico de IT o día 16/12/2022. (R.E. nº 202200000001966)
- **D. Abel Jesús Blanco Muñoz**, con DNI núm. ***3938** candidato núm.5 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D. Abel Jesús Blanco Muñoz, o día 15/12/2022, respondendo que rexeita o posto por atoparse traballando, o cal non acredita a data deste informe.
- **D. Juan José Varela Lema**, con DNI núm. ***5688** candidato núm.6 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D. Juan José Varela Lema, o día 15/12/2022, respondendo que que acepta o posto, e presentando a documentación requerida o día 16/12/2022. (R.E. nº 202200000001964)
- **D^a M^a Carmen Facal Facal** con DNI núm. ***6494** candidato núm.8 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D^a M^a Carmen Facal Facal o día 16/12/2022, respondendo que acepta o posto, e presentando a documentación requerida o día 20/12/2022. (R.E. nº 202200000001975)
- **D. Roberto Carabel Varela** con DNI núm. ***2645** candidato núm.11 da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021” realizaselle chamamento telefónico a D. Roberto Carabel Varela o día 16/12/2022, respondendo que acepta o posto, e presentando a documentación requerida o día 20/12/2022. (R.E. nº 202200000001974)

Non se procede realizar chamamento a candidata núm 7 da bolsa, D^a Sandra Pérez Blanco, ao candidato núm. 9 da bolsa D. Luis Peña García, e ao candidato núm 10 da bolsa, D. Martín Rodríguez Varela por atoparse prestando servizos nesta administración na actualidade.

Ponteceso, 20 de decembro de 2022

A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Fátima María Gómez Casal

(Documento asinado electrónicamente)”

No expediente constan os RC que presenta a Intervención municipal correspondentes a salarios e Seguridade Social ata o 31-12-2022 polo importe respectivo de 3.000,00 euros con cargo á partida orzamentaria 2022 241 13100, referencia 22022001398 e 1.135,00 euros con cargo á partida orzamentaria 2022 241 16000, referencia 22022001399

Someteuse o expediente a fiscalización previa da Intervención municipal (LMR PLAN DE EMPREGO SOCIAL 3/2022), emitindo informe con data do 21-12-2022, sendo as súas conclusións do seguinte teor literal:

“...IV) CONCLUSIONES

1.- O Concello de Ponteceso incumpre a obriga legal de dispor de Relación de Postos de Traballo polo que se emite o correspondente **reparo.**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2.- De conformidade coa base PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA das aprobadas por resolución de alcaldía núm. 711/2020, de 16 de outubro, o “Plan de Emprego Social 2020-2021 do Concello de Ponteceso” planteouse “(...) tendo en conta a situación socio laboral deste concello, segundo o informe que obra no expediente, e a incidencia do COVID 19 neste concello (...)”.

A repercusión negativa da pandemia provocada polo COVID-19 no ámbito económico e socio-laboral foi innegable e levou ás diferentes Administracións Públicas á adopción de medidas extraordinarias nas cales podería ter encaixe o “Plan de Emprego Social 2020-2021 do Concello de Ponteceso”. Nembargantes, non consta no expediente soporte documental que acredite a permanencia no momento actual de tales efectos negativos, de feito, a resolución de alcaldía núm. 903/2022, de 12 de novembro na que se resolve prorrogar o citado Plan non fai mención algunha a dita situación.

*En consecuencia, resulta certamente cuestionable que se siga a manter a situación excepcional á que se refire o artigo 3.3.e) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, a cal podería eximir do preceptivo informe sobre inexistencia de duplicidades e sostenibilidade financeira ao que se refiren os artigos 7.4 da Lei /1985, de 2 de abril de bases do réxime local. De conformidade có exposto se emite a correspondente nota de **reparo**.*

3.- A contratación se centra nos servizos mínimos obrigatorios definidos no artigo 26 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, **debo advertir por escrito da irregularidade que supón cubrir necesidades de natureza estrutural, como son os traballos que se encomendarán aos operarios cuxa contratación se propón, vía contratación temporal.**

4.- Se verifica a existencia de crédito axeitado e suficiente nos termos sinalados no apartado III.Cuarto do presente informe.

5.- O informe relativo á cobertura de 6 prazas de operarios de servizos múltiples integrantes da bolsa de emprego “Plan de Emprego Social 2020-2021 do Concello de Ponteceso”, asinado pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ponteceso o 20.12.2022 acredita o cumprimento do procedemento regulado na base NOVENA: BOLSA DE TRABALLO aprobadas por resolución de alcaldía núm. 711/2020, de 16 de outubro .

6.- A tipoloxía contractual á que se refire a base PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA das aprobadas por resolución de alcaldía núm. 711/2020, de 16 de outubro contrato non está en vigor dada a redacción actual do artigo 15 de ET o cal contempla dos supostos de contratación temporal: o contrato por circunstancias da produción e o contrato por substitución de persoa traballadora.

Debo precisar que o contrato por circunstancias da produccion previsto no artigo 15.2 de ET únicamente é aplicable nos seguintes supostos:

- Incremento ocasional e imprevisible das circunstancias da produción que, aínda tratándose da actividade normal da empresa xeren un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible (duración máxima de 6 meses)

-Para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada (duración máxima de 90 días (non consecutivos) no ano natural).

*Asemade, non pode responder a situacións de traballo **fixo-descontinuo** definidas no art. 16.1 de ET (período máximo de inactividade de 3 meses).*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A providencia de alcaldía de inicio de expediente asinada o 15.12.2022 dispón:

“(…)A situación socio-económica actual e a incidencia das vindeiras data do Nadal acrecenta a necesidade de darlle oportunidades a este colectivo, e logo de ver que este concello non conta con suficiente persoal no cadro de persoal municipal de obras e servizos para acometer con carácter urxente distintos traballos de competencia municipal, como a limpeza de camiños de acceso aos núcleos de poboación e vías públicas municipais, traballos de roza e mantemento e acondicionamento de instalacións municipais, competencias propias dos municipios consonte ao establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (…)”.

Nembargantes, cabe ter en conta os seguintes antecedentes:

- As resolucións de alcaldía núm. 13/2022 de data 13 de xaneiro e núm. 335/2022 de data 9 de maio resolveron, respectivamente, contratar a 3 integrantes da bolsa de emprego do 17 de xaneiro ata o 16 de abril de 2022 e contratar a 6 integrantes da bolsa de emprego por un período de 4 meses con inicio o día 16 de maio de 2022
- Na contabilidade municipal do exercicio 2022 constan as seguintes facturas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/ 2022/1 433	21/07 /2022	P22 114	21/07 /2022	9.749,99	CARLOS MALLO ARES	SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE NUCLEOS DE POBOACION EN PONTECESO MEDIANTE MEDIOS MANUAIS	1531	22799
F/ 2022/1 434	21/07 /2022	P22 113	21/07 /2022	46.881,95	CARLOS MALLO ARES	SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE NUCLEOS DE POBOACION EN PONTECESO MEDIANTE MEDIOS MANUAIS	1531	22799
F/ 2022/1 595	12/08 /2022	P22 123	12/08 /2022	16.120,23	CARLOS MALLO ARES	SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE NUCLEOS DE POBOACION EN PONTECESO MEDIANTE MEDIOS MANUAIS	1531	22799
F/ 2022/1 596	12/08 /2022	P22 124	12/08 /2022	18.724,8	CARLOS MALLO ARES	SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE NUCLEOS DE POBOACION EN PONTECESO MEDIANTE MEDIOS MANUAIS	1531	22799
F/ 2022/2 271	09/11/ 2022	P22 164	31/10 /2022	31.245,83	CARLOS MALLO ARES	SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E	1531	22799



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

						LIMPEZA DE NUCLEOS DE POBOACION EN PONTEVEDRA MEDIANTE MEDIOS MANUAIS		
				TOTAL	122.722,80			

- c) A XGL en sesión do 23.11.2022 adordou adxudicar o CONTRATO DE SERVICIOS “2022/C004/000001 - DESBROCE NA REDE DE VÍAS E NUCLEOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA” o cal en caso de ser solventada a condición suspensiva de crédito, comezará a executarse no exercicio 2023.

*Polo tanto ao existir soporte documental que xustifica que, durante a práctica totalidade do exercicio 2022, se realizaron traballos cuxo obxecto é idéntico aos que fai referencia a providencia de alcaldía de 15.12.2022 e dado que non se concretan os motivos que permitirían identificar se realmente se está ante unha situación ocasional e distinta das anteriores, non concurren os supostos esixidos polo artigo 15 para que resulte de aplicación a tipoloxía laboral temporal. En virtude de exposto, se emite un **reparo suspensivo**, ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL, dada a vulneración do artigo 15 do ET*

Advirto por escrito que, de conformidade có artigo 15.4 de ET “Las personas contratadas incumpliendo lo establecido en este artículo adquirirán la condición de fijas”.

A alcaldía considera que as contratacións a realizar como persoal laboral temporal se deben ao “incremento ocasional e imprevisible das circunstancias da produción que, aínda tratándose da actividade normal da empresa xeren un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible”, e así o contrato por circunstancias da produción será acorde co disposto no artigo 15.2 do ET e a súa duración podería ser ata seis meses, superior á contemplada na proposta que é de noventa días, e así estima necesario e urxente a contratación de seis postos de operarios de servizos múltiples durante catro meses.

Logo de ver o informe de fiscalización, a alcaldía, consonte ao establecido no artigo 217.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o cal establece “Cuando el órgano a que afecte el reparo no esté de acuerdo con este, corresponderá al presidente de la entidad local resolver la discrepancia, siendo su resolución ejecutiva. Esta facultad no será delegable en ningún caso”, considera que tal como establece o artigo 15.2 do TR do Estatuto dos Traballadores as necesidades a satisfacer son “Para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada (duración máxima de 90 días (non consecutivos) no ano natural)”, a interpretación dada pola Intervención considera que se realizaron traballos de limpeza de camiños e desbroce durante o ano, pero non nestas datas, e un dos cometidos que terá este persoal e reforzar a limpeza viaria, traballos que non se contrataron e que nestas datas con motivo das festas navideñas, actividades, cabalgata de reis se deben reforzar, así como nos núcleos de poboación de todas as parroquias, e tamén os traballos de axuda ao montaxe e desmontaxe de instalacións, polo que os traballos son “ocasionais e previsibles que teñan unha duración reducida e delimitada”, tal como establece o precitado artigo 15.2, e así a contratación estará dentro dos límites fixados na norma, 90 días. Polo anterior a alcaldía encontra xustificada a discrepancia coa intervención municipal na interpretación o artigo 15.2 do ET e estima procedente levantar o reparo suspensivo emitido no informe de data 21-12-2022.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo emitido pola Intervención no seu informe de data 21-12-2022, ao abeiro do establecido no artigo 217.1 do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, ao considerar xustificada a súa discrepancia en canto á interpretación do artigo 15.2 do ET en base ao anteriormente xustificando e considerar aplicable na contratación de persoal laboral temporal por medio da bolsa de emprego de candidatos integrantes do “Plan de Emprego Social 2020-2021” o contrato de traballo de duración determinada polo incremento ocasional e imprevisible das circunstancias da produción que, aínda tratándose da actividade normal da empresa xeren un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible.

Segundo: Aceptar a renuncia presentada o 16-12-2022 por **D^a YOLANDA VIDAL RODRIGUEZ** (candidata núm. 4) ao concorrer causa xustificada a cal acredita documentalmente e a de **D^o ABEL JESUS BLANCO MUÑOZ** (candidato núm. 5) non constando acreditación da causa da renuncia polo que pasaría ao último posto da lista, consonte ao establecido no punto cinco da resolución de Alcaldía núm. 169/2018 de 24-04-2018.

Terceiro: Aprobar, de conformidade co informe da AEDL de data 20-12-2022 e tendo en conta as aceptacións e renuncias habidas, a actualización da bolsa do “Plan de Emprego Social 2020-2021”, aprobado inicialmente pola resolución de Alcaldía núm. 878 do 27-11-2020, sendo prorrogado pola resolución de alcaldía núm. 692/2021 do 29-10-2021 por un ano e pola resolución núm. 903/2022 de 12-11-2022 ata a aprobación do novo Plan de Emprego Social 2023-2024, quedando do seguinte xeito:

Posto	DNI	Apelidos e Nome	Puntuación	Estado
1	***3609**	URES VILA MARÍA LUISA	46,20	Acepta chamamento
2	***6146**	AMADO MATO MARÍA ROCIO	43,20	Acepta chamamento
3	***2633**	VICENTE FERREIRO MIGUEL MANUEL	38,20	Acepta chamamento
4	***1692**	VIDAL RODRÍGUEZ YOLANDA	34,20	Renuncia
5	***5688**	VARELA LEMA JUAN JOSÉ	29,00	Acepta chamamento
6	***1234**	PEREZ BLANCO SANDRA	27,00	Servizo neste Administración
7	***6494**	FACAL FACAL M ^a CARMEN	25,00	Acepta chamamento
8	***4488**	PEÑA GARCÍA LUIS	23,40	Servizo nesta Administración
9	***5365**	RODRÍGUEZ VARELA MARTIN	20,00	Servizo nesta Administración
10	***2645**	CARABEL VARELA ROBERTO	15,30	Acepta chamamento



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

11	***1724**	ALVAREZ COLLAZO JOSE DANIEL	14,10	
12	***0055**	LEMA LEMA MARÍA CONSUELO	12,20	
13	***0570**	MARQUEZ VARELA MIGUEL PABLO	12,00	
14	***4126**	GERPE SUÁREZ JOSE ANTONIO	32,00	
15	***3938**	BLANCO MUÑOZ ABEL JESÚS	30,70	Renuncia

(*) O candidato núm. 5, Abel Jesús Blanco Muñoz, logo de ver que, de conformidade co informe da AEDL, non acredita documentalmente a causa da renuncia pasa á derradeira posición na lista, consonte ao establecido no punto cinco da resolución de Alcaldía núm. 169/2018 de 24-04-2018 pola que se establecen os criterios de funcionamento das distintas bolsas de emprego vixentes na actualidade no Concello de Pontevedra, no suposto de ausencia de regulación específica.

Cuarto: Contratar, consonte ao informe da AEDL de data 20-12-2022, aos 6 integrantes da bolsa de emprego "Plan de Emprego Social 2020-2021" que aceptaron o chamamento e presentaron a súa declaración responsable conforme cumpren os requisitos esixidos, como Operarios de Servizos, coa categoría laboral de peóns, grupo de cotización 10, baixo a modalidade de contrato laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción, co salario mínimo interprofesional, consonte ao establecido no artigo 15.2 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, para atender situacións ocasionais e imprevisibles, polo período de 90 días, con data de inicio do 26-12-2022 e remate o 25-03-2023, a xornada completa a prestar de luns a domingos cos descansos legalmente establecidos, establecendo un período de proba de un mes, sendo estes 6 candidatos os seguintes:

1. M^a Luisa Ures Vila con DNI núm. ***3609** (candidata núm. 1)
2. M^a Rocío Amado Mato con DNI núm. ***6146** (candidata núm. 2)
3. Miguel Manuel Vicente Ferreiro con DNI núm. ***2633** (candidato núm. 3)
4. Juan José Varela Lema con DNI núm. ***5688** (candidato núm. 6)
5. M^a Carmen Facal Facal con DNI núm. ***6494** (candidata núm. 8)
6. Roberto Carabel Varela con DNI núm. ***2645** (candidato núm. 11)

Quinto: Notificar a presente resolución aos interesados e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente na data sinalada á marxe polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

D. Xosé Lois García Carballido

A secretaria

(en réxime de acumulación)

D^a. M^a Cristina Varela García